

CONVENIO ASINADO O 28.12.2021 ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO POLO QUE SE PRORROGA A VIXENCIA DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS).

DECLARA:

Con data 3 de febreiro de 2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o "Conorcio Casco Vello de Vigo".

O Consello de Administración do Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa sesión do 28 de novembro de 2006, acordou por unanimidade a separación do Consorcio da Zona Franca de Vigo, feito que se acordou pola Comisión liquidadora, nomeada para o efecto, na súa sesión do 17 de xullo de 2007. Posteriormente, acordouse que o Consorcio do Casco Vello de Vigo estivera participado nun 90% polo IGVS e o 10% restante polo Concello de Vigo.

O 7 de decembro de 2011 asinouse un convenio ente o IGVS e o Concello de Vigo mediante o cal se modificou o artigo 4.3 dos Estatutos do Consorcio de Casco Vello de Vigo.

O 16 de decembro de 2011 asinouse un novo convenio en virtude do cal se prolongou a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2012.

O 29 de xuño de 2012 asinouse un convenio no que se acordou prorrogar a vixencia do Consorcio ata o 30 de decembro de 2012.

O 17 de outubro de 2012 asinouse un convenio no que se acordou modificar os estatutos do Consorcio e prorrogar a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2017.

O 26 de decembro de 2017 asinouse un novo convenio, no cal prorrogouse a vixencia do Consorcio ata o 31 de decembro de 2021.

O 9 de decembro de 2019 asinouse un convenio, fixando as achegas dos entes consorciados para os exercicios 2020 e 2021 do seguinte xeito:

	2020	2021
IGVS	400.000,00 €	400.000,00 €
Concello de Vigo	44.444,00 €	44.444,00 €





O artigo 6 dos Estatutos sinala que o que o Consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017, podéndose prorrogar a súa vixencia, dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución, por transcurso do prazo legal de existencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinarase o período de prórroga e os efectos acordados para esta.

Á vista do disposto no artigo citado, do feito de que a prórroga acordada no convenio asinado o 26 de decembro de 2017 está próxima a expirar e de que as administracións integrantes do Consorcio do Casco Vello de Vigo coinciden na súa vontade de que a devandita entidade continúe desenvolvendo a súa actividade ao longo dos próximos anos.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asíñase dixitalmente esta memoria.

